

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

*Modificación das bases reguladoras do “XXX Concurso de contos Vila de Pontedeume” e nomeamento do xurado.*

### ANUNCIO

**Modificación das Bases reguladoras do “XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME” e nomeamento do xurado.**

Por medio de decreto número 259/2020 de 05/05/2020 e decreto nº 266/2020 de 11/05/2020 de rectificación de erros daquel, resolveuse a modificación das bases e o nomeamento do xurado do “XXX CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME”, conforme ao seguinte:

**PRIMEIRO.-** Modificar o contido do punto “11. O día da entrega dos premios será o día 17 de maio de 2020, Día das nosas letras.” das bases do “XXX Concurso de Contos Vila de Pontedeume”, coa publicación destas no Boletín Oficial da Provincia nº 43 de 04.03.2020, conforme ao seguinte:

“11.- O día da entrega dos premios será o día 31 de outubro de 2020. “

Dito isto, e conforme ao establecido no “Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19” (BOE nº 67 de 14.03.2020), prorrogado mediante “Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo” BOE nº 86, de 28/03/2020, “Real Decreto 487/2020, de 10 de abril” (BOE nº 101, de 11 de abril de 2020 e “Real Decreto 492/2020, de 24 de abril” (BOE nº 115 de 25.04.2020), o prazo para a presentación das obras, reanudarase no momento en que se dea por rematado o estado de alarma, por un período de 33 días naturais.

**SEGUNDO.-** Nomear ás persoas membro para a composición do xurado do “XXX Concurso de Contos Vila de Pontedeume”, quedando constituído do seguinte xeito:

Presidente: Antonio Manuel Fraga Allegue, escritor

Vogais: Rocio Tenreiro Villar, graduada en Lingua e Literatura españolas, integrante do grupo teatral Damecuerdaqueteatro

Román Martínez Placer, mestre de Educación Primaria, integrante do grupo teatral Damecuerdaqueteatro.

Esther Leira Penabad, normalizadora lingüística.

Secretario: Alejandro Cainzos Corbeira, bibliotecario municipal.

...//...”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 12 de maio de 2020.

2020/2713